

PEQUENO MANUAL

PRIMEIROS

AUXILIOS

MEDIOS DE TRANSPORTE SANITARIOS DO 061

1.- XUNTA DE GALICIA

- Santiago: Halcón 4




- Ourense: Halcón




Helicópteros que voan do amencer ó solpor.

2.- CONSELLERÍA DE PESCA

- Vigo/Peinador: Pesca 1



- Celeiro/Viveiro: Pesca 2



Helicópteros que voan de noite e de día

3.- MARIÑA MERCANTE


- Coruña/Alvedro: Helimer Galicia



Helicópteros que voan de noite e de día e transportan a varias vítimas.

4.- AMBULANCIAS

- **MEDICALIZADAS:** persoal sanitario, máis un médico.



- **ASISTENCIAIS:** só persoal sanitario.




¿ QUÉ FACER NO CASO DUNHA EMERXENCIA ?

P . A . S

PROTEXERNOS A NOS MESMOS E A ZONA

Si se producira algún accidente no que nos víramos implicados na rúa ou na estrada, debemos saír o antes posible do coche, colocarnos nun lugar seguro, fora da calzada e poñernos o chaleco reflectante para que se nos vexa ben.

É moi importante manter sempre a calma e evitar poñerse nervosos para que non nos vexamos inmersos noutro accidente.



ALERTAR


- Buscar a un adulto e facilitarlle todos os datos posibles do accidente.
- Chamar polo móbil ó **112**, que é o número de emerxencias, inda que non teñamos saldo (teléfono gratuíto) nin cobertura, se nos olvidamos do PIN, van a contestar.
- Si o accidente acontece nunha estrada na que hai postos de **SOS**, podemos facer uso deles para pedir axuda.

Canto antes avisemos, antes chegarán os servicios de emerxencias e o ferido terá máis posibilidades de salvarse, e nunca deberemos gastar unha broma a ese número.



SOCORRER

Se non se sabe, non se debe tocar os feridos, deben ser os profesionais sanitarios os que se encarguen de axudalos.



¿ CÓMO VALORAREI A PERSOA FERIDA ?

A valoración farase sempre de arriba-abaixo, comezase pola cabeza, despois o tórax, o abdomen e por último os membros distales superiores e inferiores, coidando de non mover ó ferido se non é estrictamente necesario.

- Comprobar se está conciente.



- Comprobar se respira



- Comprobar se ten pulso



¿QUÉ TIPOS DE ACCIDENTES PODEN XURDIR TANTO NA CASA COMO SE NOS DESPRAZAMOS?


- **HEMORRAXIAS**

Se temos auga e xabón desinfectar.

Se o ferido sangra abundantemente por unha ferida debemos colocar un pano ou algo porriba da ferida. Se dispoñemos de gasas, humedecer e engadir máis gasas porriba desas, presionar forte para taponar e evitar que perda moito sangue.

¡¡**fíxate e lembra**, é moi doado e pode salvar a vida dunha persoa!!

Hemorrexias



▪ QUEIMADURAS

Enfríar a zona poñéndoa debaixo do chorro de auga fría.

Non quitar o pel das bochas ou vinchocas.

Se o queimado estivera ardendo poñerlle unha manta porriba para apagar o lume.



Queimaduras

▪ ELECTROCUCIÓN

Nunca debemos tocar a un electrocutado

Debemos intentar apartalo da fonte que está provocando a electrocución.

Para apartalos serviremonos dalgún utensilio de madeira ou de goma, nunca dun obxecto metálico, xa que son condutores da electricidade.

Electrocuciones



▪ ATRAGANTAMENTOS

Se o paciente está conciente animalo a que tusa.

Inclínalo para diante e darlle un cacheteo entre as duas escápulas.

Atragantamentos



▪ OBXECTOS ENCRAVADOS

Nunca se debe intentar quitarlos.

Almohadillanse para que non se movan durante o traslado.


Mover o ferido con moito coidado

Avisar o máis axiña posible os servizos de emerxencia.



▪ PICADURAS

- Intertar localizar a presenza do aguillón
- Lavar e desinfectar a ferida con auga e xabón
- Extraer o aguillón. Aplicar xeo



¿QUÉ É O QUE PODE PROVOCAR UN ACCIDENTE?

- ❖ Conducir despois de beber alcohol ou consumido drogas



- ❖ A velocidade excesiva



- ❖ Non respectar a distancia de seguridade ou ir no coche ou na bici



- ❖ O cansazo e o sono



- ❖ O falar polo móbil



- ❖ O cruzar unha rúa por onde non corresponde



- ❖ Os xogos na rúa



- ❖ Non utilizar o casco



¿CÓMO POIDO EVITAR UN ACCIDENTE?

- ❖ Empregando o cinto de seguridade



- ❖ Utilizando o elevador ou cadeira homologada



- ❖ Viaxando na cadeira traseira
- ❖ Poñendo o casco na bici e no ciclomotor/moto



¿QUÉ É O QUE NON DEBO FACER EN CASO DE ACCIDENTE?

- ❖ Quitar o casco a un ciclista/motorista



- ❖ Dar de beber ós feridos



- ❖ Sacalos do vehículo



- ❖ Mover os feridos

¡¡ EQUIPOS DE EMERXENCIA!!



ANTE A DÚBIDA

¡¡ NON TOCAR !!

CALQUER IMPRUDENCIA PODE
ACABAR COA VIDA DESA
PERSONA OU IMPOSIBILITALA
PARA SEMPRE